

## O CONCELLO DE CASTRELO DO VAL MELLOROU O CAMIÑO DA PONTE EN NOCEDO DO VAL A TRAVÉS DO PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS 2022/2023 DA XUNTA DE GALICIA

O Concello de Castrelo do Val mellorou o camiño da Ponte en Nocedo do Val cunha actuación por un importe total de 26.962,66 €, dos que 22.100,00 € proveñen dunha subvención concedida pola Xunta de Galicia a través dos Plans de mellora de camiños de titularidade municipal (Plan Marco 2022-2023) e o resto, proveñen dos fondos do Concello.

O Plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2022-2023, aprobado por Resolución do 29 de decembro do 2021, está cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do Programa de desenvolvemento rural de Galicia (PDR) de Galicia 2014-2020 DOG.nº 16 do 25 de xaneiro do 2022.

